



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 66-2013

- A todas as Delegacións (*)

- Aos clubs, adestradores e atletas.

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE MARCHA EN PISTA I XORNADA IV CIRCUITO GALEGO DE MARCHA- JOSEFINA ROMERO Riveira, 1 de decembro do 2013

Art.1). A delegación da FGA en Santiago de Compostela, organiza para o día 1 de decembro do 2013 nas pistas de atletismo de Riveira o Campionato Galego de Marcha en Pista.

Art.2). Poderán intervenir todos aqueles atletas que o desexen e que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2013/14) por algún Clube pertencente Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras CCAA.
3. Atletas non galegos ou extranxeiros* convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas extranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

Art.3). As inscricións realizaránse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata ás 20:00h do martes día 26 de novembro.

Art.4). Os atletas deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da súa proba, segundo o horario sinalado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5). Os tres primeiros atletas clasificados das categorías: benxamin, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa e veteráns recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudilo protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega das medallas. Asemade, entregaranse medalla aos tres primeiros atletas da clasificación absoluta na proba dos 5 km.

Art.6). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7). O horario e distancias do campionato e o seguinte:



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

HORARIO E DISTANCIAS

11:45 HORAS	1 km Benxamín	Mulleres (Rúa 1)
	1 km Benxamín	Homes (Rúa 5)
12:00 HORAS	2 km Alevín	Mulleres (Rúa 1)
	2 km Alevín	Homes (Rúa 5)
12:20 HORAS	3 km Inf/Cad	Mulleres (Rúa 1)
	3 km Inf/Cad	Homes (Rúa 5)
12:45 HORAS	5 km xv/ Jn /Pr /Sen /Vet	Mulleres (Rúa 1)
	5 km xv / jn / pr /Sen / Vet	Homes (Rúa 5)

Art.8). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.9). Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da, FGA, da RFEA e da I.A.A.F por este orden.

A Coruña, 28 de outubro do 2013
Víctor Arufe Giraldez
Secretario Xeral Federación Galega Atletismo